

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PROGRAMA PARA A PAUTA DE EXERCICIO FÍSICO ÁS PERSOAS MAIORES DE 60 ANOS USUARIAS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DENTRO DO PROGRAMA “ADESTRA A TÚA SAÚDE”, CON CARGO AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NextGenerationEU

En Santiago de Compostela, a 15 de outubro de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024 do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no establecido no artigo 10 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

Doutra parte, D José Ramón Lete Lasa, presidente da Fundación Deporte Galego, por razón do seu cargo como Secretario Xeral para o Deporte de conformidade co disposto no artigo 13 dos estatutos da Fundación Deporte Galego, e do artigo 17.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

E doutra parte, as entidades que se adhiran formalmente ás condicións previstas no presente convenio marco, de conformidade co procedemento previsto neste.

As partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste acordo marco e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as partes consideran de interese común promover conxuntamente un estilo de vida activa e saudable a través do fomento da actividade física e vida activa dende a infancia ata a vellez, para garantir unha mellor calidade de vida e, concretamente, nas persoas maiores para manter a autonomía persoal e previr a dependencia.

Segundo.- Que a evidencia científica amosa que ter unha vida activa practicando exercicio físico de forma regular é unha maneira eficaz de previr múltiples patoloxías, aumentar a autoestima, evitar o consumo de substancias tóxicas, mellorar as relacións interpersonais e, en conxunto, aumentar a cantidade e calidade de vida.

Terceiro.- Que as partes consideran fundamental o traballo coordinado entre os profesionais sanitarios, os distintos concellos que decidan adherirse ao presente acordo marco, os profesionais da actividade física, o exercicio físico e o deporte, e a rede de recursos dispoñibles para a cidadanía existentes no territorio, para facilitar a adherencia á actividade física e que os cambios de hábitos cara unha vida activa e saudable perduren no tempo.

Cuarto.- Que o programa “Adestra a túa Saúde” para a pauta de exercicio físico desde o ámbito sanitario e o seguimento deste desde o ámbito comunitario, dirixido principalmente ás persoas inactivas maiores de 60 anos sas ou con factores de risco cardiovascular, pretende contribuír á mellora da saúde, o benestar e a calidade de vida a través da pauta de exercicio físico desde o sistema sanitario e o seu seguimento por un/ha promotor/a de exercicio que é persoal propio e que adaptará individualmente, seguirá e avaliará a súa execución cos recursos dispoñibles nos concellos que manifesten a súa vontade en adherirse ao programa previsto no presente acordo marco.

Quinto.- Que a Fundación Deporte Galego ten desenvolvido a Plataforma Adestra a túa Saúde, que permite a prescrición de exercicio e o seu seguimento así como a valoración da condición física relacionada coa saúde.

Sexto.- Que é desexo das partes asinantes formalizar un acordo marco, que instrumente e regule a colaboración para o desenvolvemento do programa “Adestra a túa Saúde”.

Por isto, as partes acordan subscribir o presente acordo marco, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo marco é establecer a colaboración conxunta no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia entre a Consellería de Sanidade, a Fundación Deporte Galego e os Concellos que decidan adherirse ao presente, para o desenvolvemento do programa “Adestra a túa Saúde”, dirixido a persoas inactivas maiores de 60 anos usuarios do Sistema Sanitario Público de Galicia, e a recollida e tratamento de datos das persoas participantes no devandito programa a través da Plataforma ADESTRA A TÚA SAÚDE, no marco do proxecto C26.I01.P02 “Transformación Dixital aplicada á Actividade Física para a Saúde (AFBS) e a Medicina Deportiva” e subproxecto C26.I01.P02.S07 “Transformación dixital aplicada á actividade física para a saúde (AFBS) e á medicina deportiva. Galicia” do Compoñente 26 “Fomento do Sector Deporte” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Preténdese cumprir o fito CID 370, punto h) “Execución orzamentaria de polo menos 75,6 millóns EUR que debería traducirse nunha mellora significativa na dixitalización do sector, en particular: [...] (h) estudo das necesidades de dixitalización (como aplicacións, federacións deportivas, medicina, deportiva AFBS e antidopaxe) para a dixitalización do sector do deporte, cos seguintes obxectivos: 1. Establecer unha estratexia común para a prescrición de actividade e exercicio físico que ao mesmo tempo que poida ser diversificada, deseñada e adaptada á idiosincrasia territorial de

cada Comunidade e as cidades de Ceuta e Melilla, en todo caso, contando coa colaboración do sistema sanitario e do sistema deportivo de cada territorio. 2. Dispoñer en cada C.A. dun sistema de Prescrición de actividade e exercicio físico eficiente, implementando as ferramentas dixitais oportunas que aseguren e faciliten a comunicación da prescrición no ámbito sanitario, a derivación ao sistema deportivo/comunitario de persoas inactivas ou con patoloxías que requirisen pautas de actividade e/o exercicio físico, a execución de programas de actividade e exercicio físico para o seu tratamento e a retroalimentación dos resultados. 3. Facilitar a formación de profesionais implicados: Formación para Profesionais sanitarios (persoal médico e de enfermería, especialmente dos que traballan nos centros de saúde de atención primaria) e formación para educadores físicos e deportivos (profesionais con titulación universitaria en Ciencias da Actividade Física e o Deporte). 4. Crear estruturas deportivo/comunitarias locais contando con educadores físicos e deportivos que permitan atender eficientemente as derivacións que xeren os profesionais sanitarios. Creación de Unidades Activas de Exercicio Físico ou denominación equivalente. 5. Mellorar a resiliencia, accesibilidade e eficacia dos sistemas deportivos e de saúde, a súa accesibilidade e a súa preparación para situacións de crises, promovendo de forma segura, sostible e inclusiva a práctica de actividade física e o deporte para a saúde (AFBS), para toda a cidadanía.”.

O presente acordo marco estará sometido ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; á Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; ao Real Decreto Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; así como á normativa aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro , pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de

execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia).

Esta actuación finánciase con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, adoptado polo Parlamento Europeo e o Consello o 12 de febreiro de 2021 mediante o Regulamento (UE) 2021/241.

Dando cumprimento ao mandato contido no citado Regulamento, España presentou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como instrumento fundamental para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation EU, o cal se estrutura en torno a catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero; sendo aprobado polo Consello da Unión Europea en data 16 de xuño de 2021.

Neste contexto de adopción de medidas co obxectivo de mitigar o impacto da crise sanitaria e impulsar a recuperación económica, aprobouse o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para a adecuada xestión dos fondos europeos e a implementación eficaz do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Dando cumprimento ao mandato contido nas normas citadas, a Resolución do 4 de xullo de 2022 publicou o Acordo da Conferencia Sectorial de Deporte de 9 de maio de 2022, relativo á distribución territorial e criterios de reparto dos créditos xestionados polas Comunidades Autónomas e cidades de Ceuta e Melilla con cargo ao orzamento do Consello Superior de Deportes no marco do compoñente 26 “Fomento do sector deporte”.

A Xunta de Galicia asinou un Acordo coa Fundación para transferirlle os fondos destinados á execución do proxecto de Dixitalización do Sector Deporte, en tanto que se trata da Entidade en mellor posición de poder executar un proxecto destas características.

Segunda.- Solicitudes de adhesión ao acordo marco.

1. As solicitudes de adhesión a este acordo marco procedentes dos concellos de Galicia para a participación no programa piloto que constitúe o seu obxecto, deberán ser presentadas ante a Dirección Xeral de Saúde Pública ou ante a Fundación Deporte Galego, cunha antelación mínima de dous meses á data de inicio das actividades propias do programa

Ditas solicitudes deberán ser cumprimentadas segundo o modelo que figura como Anexo I a este acordo marco.

2. As solicitudes de adhesión que sexan atendidas implicarán unha resolución de adhesión na que se establecerá o inicio da vixencia do acordo, sendo o prazo máximo de vixencia do mesmo o previsto na cláusula décimo sexta deste acordo marco. En calquera caso, a validez da solicitude de adhesión a este acordo precisará da resolución de adhesión formalizada pola persoa representante da Consellería de Sanidade, segundo o modelo do Anexo I deste acordo marco.

3. A adhesión implicará a aceptación das partes das condicións fixadas no acordo marco.

4. En calquera caso, a realización das actividades estará suxeita á dispoñibilidade nos correspondentes centros, dispositivos asistenciais e unidades administrativas e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.

Terceira. Compromisos das partes

a) Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde

A Consellería de Sanidade, a través da Área Sanitaria correspondente do Servizo Galego de Saúde fomentará que os/as profesionais sanitarios de atención primaria pauten exercicio físico aos/ás seus/súas pacientes como recurso terapéutico e de prevención das enfermidades crónicas non transmisibles, para a mellora do estado de saúde da cidadanía galega e, de xeito especial, dos usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia maiores de 60 anos sen grandes limitacións para a realización de exercicio.

A descrición das tarefas a realizar polo persoal implicado en todo o programa descríbense no Anexo II.

b) Concellos adheridos

Os Concellos adheridos designarán cadansúa persoa promotora de exercicio físico.

Terá a titulación de Licenciatura/grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e con formación no ámbito da actividade física e do exercicio para a mellora da saúde.

c) Fundación Deporte Galego

A Fundación Deporte Galego será a responsable da formación e coordinación dos promotores de exercicio para o correcto funcionamento do programa.

Así mesmo, para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a Fundación Deporte Galego recabará os seguintes datos identificativos das entidades beneficiarias:

- a) NIF do beneficiario.
- b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
- c) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. ANEXO IV (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)
- f) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral,

que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.

Tamén poderá ceder aos concellos adheridos material necesario para a realización das actividades, nas condicións previstas no Anexo V

Cuarta.- Custodia da Plataforma Adestra a túa saúde e deber de confidencialidade

A Plataforma Adestra a túa Saúde integrará as probas de condición física relacionadas coa saúde realizadas polo persoal promotor de exercicio físico do Programa “Adestra a túa saúde”. Estas últimas consistirán en medidas antropométricas e resultados de probas físicas das persoas que participen no programa. Corresponde ao persoal promotor de exercicio físico designado por cada un dos Concellos adheridos a recollida desta información de xeito individualizado para cada usuario/a. Esta información alimenta á Plataforma e da soporte ás actuacións posteriores de elaboración de informes e estatísticas, para o traballo individualizado de mellora do nivel de condición física relacionada coa saúde.

Os datos necesarios para a inclusión no programa da persoa participante serán cedidos pola Consellería de Sanidade para a súa incorporación na Plataforma Adestra a túa Saúde, a través dos mecanismos de interoperabilidade necesarios e despois do consentimento da persoa usuaria.

A Fundación Deporte Galego, como responsable do tratamento dos datos da Plataforma Adestra a túa Saúde, adoptará todas as medidas precisas para garantir a confidencialidade dos datos e da información contida nela. Así mesmo, toda persoa que, no exercicio profesional das súas funcións, teña coñecemento dos datos e informacións contidas na Plataforma, terá a obriga de reserva e sigilo absoluto respecto destes.

O tratamento dos datos é confidencial, sendo accesibles exclusivamente para o persoal promotor de exercicio físico que unicamente terá acceso aos datos das persoas que teña asignadas durante o tempo en que as teña asignadas. As persoas participantes no programa poderán acceder aos seus propios datos, así como á información estatística comparativa dos seus resultados.

Así mesmo, serán accesibles para o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde os datos das persoas usuarias do sistema sanitario aos que lles corresponda a súa atención.

Unha vez que os datos das valoracións sexan introducidos na Plataforma Adestra a túa Saúde, a Fundación Deporte Galego, elaborará e fará públicas as estatísticas para cada grupo de idade e sexo en Galicia, sen ter acceso individualizado aos datos das persoas participantes. Estas estatísticas permiten que o persoal promotor de exercicio físico e as/os participantes poidan coñecer a comparativa dos seus resultados cos valores normativos para a poboación.

Quinta.- Recollida de datos

A Fundación Deporte Galego xestionará as oportunas autorizacións de acceso á Plataforma para o persoal promotor de exercicio físico dos distintos Concellos para o Programa “Adestra a túa saúde”, como instrumento que lles facilitará a recollida e tratamento dos datos dos informes de pautas individuais de exercicio, e das medidas antropométricas e dos resultados das probas físicas. En concreto, o persoal promotor de exercicio físico autorizado poderá recoller datos e rexistrarlos na plataforma e consultalos, así como extraer os informes para a avaliación das persoas participantes.

O persoal promotor de exercicio físico unicamente poderá tratar os datos da Plataforma Adestra a túa Saúde coas finalidades previstas na normativa vixente en materia de deporte, e terá a obriga de manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, incluso ao remate da súa actuación.

O persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde que teña acceso a información de resultados das medidas antropométricas e probas físicas da Plataforma Adestra a túa Saúde, só poderá tratar os datos coas finalidades previstas na normativa en materia de sanidade, e terá a obriga de manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, incluso ao remate da súa actuación.

A Fundación Deporte Galego garantirá que a información estea dispoñible unicamente para os/as usuarios/as debidamente autorizados/as, baseándose na asignación de perfís de autorización axeitados ás súas funcións. Con este fin, manterá

permanentemente actualizado o rexistro de accesos á Plataforma Adestra a túa Saúde que incluíra os perfís de autorización aos/ás distintos/as usuarios/as de acordo coas funcións desempeñadas. Xunto co rexistro de acceso, implantaranse as medidas de control e seguridade necesarias para garantir o acceso, a custodia e a adecuada utilización dos datos.

Para o acceso á Plataforma Adestra a túa Saúde, a identidade dos/as usuarios/as deberá verificarse por calquera dos sistemas de identificación electrónica previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, podendo establecerse diferentes sistemas en función do perfil dos/as usuarios/as, e incluíndo expresamente o acceso mediante chave 365 para os/as participantes, ou mediante os sistemas de identificación segura que se establezan para o persoal promotor de exercicio físico.

Sexta.- Elaboración de estudos e conservación de datos

A Fundación Deporte Galego, como responsable da Plataforma Adestra a túa Saúde, poderá encargar o tratamento a un terceiro, coas debidas garantías de calidade, accesibilidade e seguridade da información.

A Fundación Deporte Galego tratará a información contida na Plataforma Adestra a túa Saúde con fins estatísticos, sen posibilidade de acceso aos datos individuais, excepto no caso de que a persoa participante solicite o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición ou limitación dos seus datos.

Para aqueles estudos de investigación biomédica que realicen os/as profesionais sanitarios/as do Servizo Galego de Saúde, que requiran como información complementaria a información contida na Plataforma Adestra a túa Saúde, solicitarase o consentimento adicional individual dos/as participantes. Así mesmo deberán contar co informe favorable do Comité de Ética competente.

Os datos recadados conservaranse en condicións que garantan a preservación da información que contén, coas medidas técnicas de seguridade necesarias. A información será conservada como mínimo durante un período de 5 anos, sen prexuízo do establecido noutras normas que sexan de aplicación, en particular, no que atinxe á conservación da información e dos datos de carácter persoal. Estableceranse

mecanismos para a extracción e eliminación da dita información sen que iso afecte a información estatística nin a coherencia da información relacionada.

Sétima.- Protección de datos

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste acordo marco.

Os datos persoais dos asinantes deste acordo marco serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada no principio de colaboración da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do acordo marco suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Consellería de Sanidade ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPD) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Fundación Deporte Galego ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como

exercer outros dereitos recoñecidos no RXPDP a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente acordo marco.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDP respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2) Regulación da relación entre o responsable do tratamento dos datos persoais e o encargado.

A Fundación Deporte Galego respecto do tratamento de datos persoais que leve a cabo con motivo do desenvolvemento do presente acordo marco, terá a condición de encargado do tratamento aos efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPDP e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) comprometéndose a dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e esixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do Responsable do tratamento e só para os fins deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para os seus propios fins, sendo considerado neste caso como responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPDP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.

b) Levar por escrito, se é o caso segundo o artigo 30 do RXPDP, un rexistro das actividades de tratamento realizadas por conta do responsable, incluíndo o contido previsto no dito artigo.

c) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do Responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

d) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude do presente acordo marco, aínda que finalice o seu obxecto.

- e) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado lles informará oportunamente.
- f) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- g) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obrigaón de responder as referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, a primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>, e dará traslado, asemade, ao responsable do contido da devandita solicitude.
- h) Comunicarlle ao Responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 33 do RXPD.
- i) Apoiar ao Responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relacionadas coa protección de datos e na realización de consultas previas á autoridade de control, cando proceda.
- l) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no R.D. 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.

- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.

- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.

- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

m) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito R.D. 311/2022, un Punto ou Persoa de Contacto (POC). O POC de seguridade será o propio Responsable de Seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de Seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provea, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.

n) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

ñ) Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPD e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicarlle a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

o) Devolver ao responsable, tan pronto como finalice o acordo marco, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do encargo.

Oitava.- Notificación de violacións de seguridade

Tanto o Servizo Galego de Saúde coma os concellos adheridos notificarán á Fundación Deporte Galego, como responsable do tratamento, sen dilacións e, en todo caso, no prazo máximo de tres días, as violacións da seguridade dos datos persoais que sexan obxecto de tratamento na Plataforma Adestra a túa Saúde, das que teña coñecemento, xunto coa información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Novena.- Outras obrigas

1. Son obrigas dos concellos adheridos ás seguintes:

a) Cumprir os principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

b) Cumprir coas obrigas de publicidade do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ao estar financiado o desenvolvemento do programa ADESTRA A TÚA SAÚDE pola Comisión Europea a través do instrumento europeo de recuperación NextGenerationEU, en toda a información, verbal ou escrita, emitida con ocasión da actividade obxecto da actuación, antes, durante e despois da súa finalización, de acordo co artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Especialmente, deberán cumprir co artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241: “Os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público”.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptiva a conservación da devandita documentación durante un

período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do devandito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60 000 euros.

d) Cumprir co compromiso do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020 (Regulamento taxonomía).

e) Compromiso no cumprimento de etiquetaxe verde e dixital previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, con base no Regulamento (UE) 2021/241. Esta actuación ten unha etiquetaxe dixital do 100% no campo de intervención 11 «Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións».

f) Comunicar á Fundación Deporte Galego a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións ás que se refire o presente acordo marco, especificando aquelas axudas de minimis obtidas. O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR.

g) Conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a OLAF, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control, en especial para evitar o fraude, o favoritismo, a corrupción e o dobre financiamento.

h) Subscribir as declaración, asumir os compromisos e someterse a todos os controis relativos á execución da actuación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

i) Facilitar toda a información solicitada e someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación,

sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

Coa finalidade de darlles cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de recuperación e Resiliencia, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, como entidades executoras, deberán dispor dun Plan de medidas antifraude que lles permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude; á corrupción e aos conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación de risco de fraude, cubrir a Declaración de Ausencia de Conflito de Interese (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses. Así mesmo, o Plan de medidas antifraude deberá cumprir cos requirimentos mínimos establecidos no artigo 6.5 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, e o recollido no Plan xeral de prevención de riscos de xestión para a execución dos fondos Next Generation en Galicia, do 19 de maio de 2023, do Consello da Xunta de Galicia.

Consonte ao anterior, a este acordo marco resúltalle de aplicación o Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta do 19 de maio de 2023, accesible a través da ligazón <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf> Asemade, será de aplicación o Plan da Fundación Deporte Galego, accesible a través da ligazón <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/presidencia-xustiza-deportes/plan-antifraude-fundacion-deporte-galego-2024.pdf>

A detección de feitos que puideran ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente Plan serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da

Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para ao efecto: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Asemade a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

2. A formalización deste acordo marco non suporá compromisos nin obrigas de carácter económico para as partes asinantes.

A súa execución realizarase con medios humanos e materiais propios de cada unha das partes e dos que xa dispoñen, a salvo o expresamente previsto no presente acordo marco, en particular, en relación co material.

Décima.- Ausencia de relación laboral

A subscrición deste acordo marco non comporta relación contractual ningunha entre o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e a Fundación Deporte Galego cos profesionais dependentes dos concellos adheridos que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Undécima.- Confidencialidade

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidese ter acceso no desenvolvemento do presente acordo marco, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial.

Duodécima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente acordo marco e dos acordos de adhesión a este:

1. O transcurso do prazo de vixencia do acordo marco.
2. O común acordo das partes, que se plasmará por escrito.
3. A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
4. O incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigas establecidas neste acordo marco por calquera das partes que non sexa emendado no prazo de trinta (30) días seguintes á recepción da notificación escrita da parte que aprecie o incumprimento, identificando devandito incumprimento e reclamando a súa corrección.
5. A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.
6. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade deste.
7. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa que lle sexa de aplicación.

Décimo terceira.- Natureza Xurídica e xurisdición.

Este acordo ten natureza de acordo marco de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación dos contratos administrativos, a teor do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Este acordo ten natureza administrativa. As dúbidas que poden xurdir sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Con todo, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á

xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décimo cuarta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste acordo marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente acordo marco será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo quinta.- Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución e o seguimento do pactado neste acordo marco constituirase unha Comisión de Seguimento composta de forma paritaria por persoas representantes das partes asinantes. A Presidencia recaerá no representante do Servizo de Galego de Saúde quen a súa vez terá o voto de calidade de desempate no seu caso.

Esta Comisión reunirse en sesión ordinaria logo da sinatura do acordo marco e para determinar e validar a temporalidade dos traballos, medios materiais e humanos e as normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.

A Comisión fixará as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano ou, de forma extraordinaria, cando o solicite xustificadamente calquera das partes. Para estes efectos, serán válidas as reunións por teleconferencia ou videoconferencia.

Á Comisión correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Realizar o seguimento das accións derivadas do acordo marco ou dos seus acordos específicos.

- b) Actuar como vehículo de transmisión de todas as informacións e comunicacións que, con carácter global, sexan de interese para as partes.
- c) Resolver as discrepancias e controversias que poidan xurdir na interpretación das cláusulas do acordo macro ou dos seus acordos específicos.
- d) Elevar aos órganos competentes das entidades as propostas de mellora, adaptación ou modificación do presente acordo marco que se consideren pertinentes.
- e) Calquera outra que se encamiñe ao cumprimento do acordo marco, conforme aos intereses das partes.

Décimo sexta.- Vixencia e prórroga

O presente acordo marco empezará a producir os seus efectos a partir da súa sinatura e terá unha duración de tres anos, podendo ser prorrogado expresamente por períodos anuais previa solicitude de algunha das partes cun mes de antelación ao vencemento do devandito período.

En proba de conformidade, asínase o presente acordo marco, na data indicada no encabezamento.

Antonio Gómez Caamaño

José Ramón Lete Lasa

Conselleiro de Sanidade e
presidente do Servizo Galego de Saúde

Presidente da
Fundación Deporte Galego

ANEXO I. FORMULARIO DE ADHESIÓN

Don/Dona.....,
na súa condición de Alcalde/Alcaldesa do Concello de, con
endereço en

Solicita a adhesión ao acordo marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Fundación Deporte Galego, para o desenvolvemento de actuacións conxuntas para a implementación dun programa para a pauta de exercicio físico ás persoas inactivas maiores de 60 anos usuarias do sistema sanitario público dentro do programa “Adestra a túa saúde”, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU manifestando coñecer e aceptar a totalidade das condicións establecidas no mesmo.

A ditos efectos, o/a representante do/da solicitante declara:

1. Que coñece o contido do acordo marco de colaboración ao que solicita adherirse e que cumpre todos os requisitos establecidos.

2 . Que se compromete a:

- Comunicar calquera variación que poida acontecer os datos recollidos e os documentos aportados, no seu caso.

- Cumprir co acordo marco de colaboración para o desenvolvemento do Programa, especialmente en materia de Protección de Datos.

- Exhibir durante a vixencia do programa un cartel de promoción do mesmo no que se informe de que se trata dunha entidade colaboradora adherida.

Asdo.:.....



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

Resolución de adhesión ao acordo marco

De conformidade coa solicitude formulada para a adhesión ao acordo marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Fundación Deporte Galego, para o desenvolvemento de actuacións conxuntas para a implementación dun programa para a pauta de exercicio físico ás persoas inactivas maiores de 60 anos usuarias do sistema sanitario público dentro do programa “Adestra a túa saúde”, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, acórdase a entrada en vigor da mesma na data da firma dixital deste documento.

Pola Consellería de Sanidade

Asdo.:.....

ANEXO II. DESCRIPCIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O PROGRAMA ADESTRA A TÚA SAÚDE

Centro de saúde

O persoal sanitario informará ao/á paciente sobre a conveniencia de realizar exercicio físico para mellorar a súa saúde e sobre a existencia do programa “Adestra a túa saúde”. Unha vez que o/a paciente acepte participar, elaborárase un informe coa avaliación da condición física, a avaliación da condición cardiorrespiratoria e a ficha de pauta de exercicio.

O persoal do centro de saúde concertará unha cita do/a paciente co/a promotor/a de exercicio físico asignado polo concello que poderá consultalas na axenda de cita creada a tal efecto. Para isto, o/a promotor/a deberá asinar o formulario de solicitude de acceso remoto descrito no Anexo III.

Sendo imprescindible a derivación de 20 persoas na primeira semana na globalidade do programa, o persoal de cada centro de saúde comprométese á derivación dunha persoa á semana.

Asemade, designárase unha persoa responsable que se reunirá alomenos unha vez ao mes co responsable do programa do concello co fin de garantir a aplicación dos protocolos, derivacións e seguimento do programa.

Ademais, o persoal do centro de saúde concertará unha cita con enfermería para realizar o seguimento aos 4 e aos 9 meses aproximadamente.

Concellos adheridos

Cada Concello designará unha persoa promotora de exercicio físico que deberá inventariar e validar os recursos dispoñibles no concello que cumpran os requisitos adecuados para a execución do programa “Adestra a túa Saúde”. Será a persoa responsable de recibir ás persoas usuarias derivadas polos centros sanitarios, realizarlles as entrevistas iniciais, valorar a súa condición física e outros aspectos relevantes para a práctica de exercicio ou cambio de hábitos (predisposición, preferencias, necesidades, dispoñibilidade, accesibilidade...) e deseñarlles, así como supervisarlles, os seus programas de exercicio físico adaptado e de cambios de

hábitos, conforme ás súas circunstancias persoais e aos recursos dispoñibles nos distintos concellos.

O/A promotor/a será o/a responsable de introducir os datos necesarios na plataforma ADESTRA A TÚA SAÚDE. e emitir informes periódicos de avaliación e seguimento para as persoas usuarias e para o persoal sanitario que os derivou ao programa.

O/A Promotor/a de exercicio físico terá a titulación de Licenciatura/grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e con formación no ámbito da actividade física e do exercicio para a mellora da saúde.

Ademais o/a promotor/a recadará o consentimento informado do/a usuario/a para o tratamento dos datos solicitados e para que o/a promotor poida acceder electronicamente á ficha de pauta de exercicio realizada polo/a profesional sanitario, cando estea dispoñible neste formato.

Inclúese como Anexo IV a este acordo o modelo de consentimento que deben asinar para participar no programa e para autorizar o tratamento dos datos de carácter persoal e a súa cesión coas finalidades antes indicadas.

ANEXO III. FORMULARIO DE SOLICITUDE DE ACCESO REMOTO

1. Tipo de acceso (escenarios) (marcar con una X)

Entrante	ACCESO REMOTO POR USUARIO CON CLIENTE VPN	X
	ACCESO REMOTO L2L	
	ACCESO REMOTO CENTROS CONCERTADOS	
Saínte	1 PC a SERVIDOR VPN EXTERNO	

2. Centro solicitante

Centro solicitante	
Ubicación	
Persoal Servizo Galego de Saúde responsable do seguimento do contrato	
Servicio: Descrición do servizo que utiliza o equipo	
Interlocutor do centro: Responsable designado polo centro para a interlocución co CST sobre a configuración da conexión VPN e a recepción dos informes de conexión, así como calquera incidencia no servizo durante a súa vixencia.	
Nome e Apelidos	
Teléfono de contacto	

3. Concello que solicita o acceso

Razón social	
Domicilio social (Enderezo, Código Postal, Poboación e Provincia)	
CIF	
Persoa de contacto técnico (Nome e apelidos)	
Teléfono de contacto	

4. Contrato en base ao que se solicita o acceso

Definición do contrato/acordo	Proxecto "Adestra a túa saúde"			
Finalidade do contrato/acordo	Soporte remoto ao Servizo Galego de Saúde			
Data fin do contrato		Número de referencia do contrato		
Se realiza tratamento de datos de carácter persoal				
Indicar o tipo de datos de carácter persoal (riscar cunha X)				
Poboacionais	X	Características sobre a personalidade das persoas	Ideoloxía	
Circunstancias sociais		Solvencia patrimonial e Crédito	Afiliación sindical	
Carreira profesional e formación		Administración tributaria	Relixión ou crenzas	
Datos económico-financeiros		Entidades xestoras e servizos comúns da SS.SS.	Orixe racial	
		Infraccións admtvas. e penais	Saúde	X
		Prestación de servizos financeiros	Vida sexual	
			Violencia de xénero	
Usos que se vai a dar ao acceso				
Mantemento de equipos				
Mantemento de aplicacións				
Tratamento de datos (análise de mostras, estatísticas, etc.)	X			
Outros (descrición deles)				

5. Relación descriptiva de equipos aos que se solicita o acceso

<i>Centro solicitante</i>			
<i>Ubicación</i>			
<i>Servizo: Descrición do servizo que utiliza o equipo</i>		Xestión de citas	
<i>Nome do Equipo</i>	372778	<i>Dirección IP</i>	
<i>Función do equipo:</i> <i>Adquisición imaxe, Almacenaxe temporal imaxe, Almacenaxe datos paciente, Almacenaxe informes, Xeración informe, Impresión imaxe, Visualización imaxe, etc.</i>		Visualización das citas creadas para o proxecto Adestra a túa saúde	
<i>Sistema operativo do equipo</i>			
<i>Xestor de Bases de Datos</i>			
<i>Aplicacións</i>			
Tipo de datos almacenados no equipo (marcar con una X)			
<i>Configuración do equipo</i>	x	<i>Configuración de aplicacións</i>	
<i>Datos demográficos de pacientes</i>		<i>Datos clínicos de pacientes</i>	
<i>Outros (descrición)</i>			
<i>Descrición das tarefas de mantemento que se realizarán sobre os equipos</i>			
Nivel de permisos requiridos a nivel de:			
<i>Dominio Servizo Galego de Saúde</i>	NO		
<i>Sistema operativo local</i>	NO		
<i>Base de Datos</i>	NO		
<i>Administración de usuarios de aplicación</i>	NO		
<i>Administración de perfís de aplicación</i>	NO		
<i>Outros (descrición deles e especificación do nivel de permisos requiridos)</i>			

ACORDO MUTUO DE CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN

Este **ACORDO MUTUO DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN** foi establecido o día entre a **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**, en adiante **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**, con domicilio social no *Edificio Administrativo San Lázaro 2º, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña* e _____ con domicilio social no _____

_____ presta os seus servizos (expediente/s «**códigos expedientes empresa**») á **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE** e necesitará por isto acceder á información e datos propiedade do mesmo para poder levar a cabo a realización dos traballos encomendados (*en adiante “Empresas” ou de forma individual “Empresa”*).

Por isto, e atendendo á confidencialidade da información e privacidade dos datos, ambas as dúas partes acordan o seguinte:

- 1. INFORMACIÓN CONFIDENCIAL:** É vontade da **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE** establecer como Información “Confidencial” os datos, coñecementos, resultados, invencións e ideas, así como proxectos actuais ou futuros, estratexias, software, aplicacións, deseños técnicos e funcionais, análises técnicos e funcionais, especificacións, código fonte das aplicacións e en xeral calquera documento ou material, empregado o xerado durante a prestación do servizo.
- 2. NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN:** A Empresa prestadora de servizos, incluíndo aos seus empregados, non revelará a Información a calquera outra persoa ou entidade non relacionada coa **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**.

A Empresa fará uso da Información co único propósito de ser utilizada dentro do marco dos traballos asignados. Fora deste ámbito, a Información non poderá ser usada, vendida, explotada ou copiada por parte da Empresa prestadora de servizos.

En caso de que a información tratada contenda datos persoais, a Empresa garantirá as medidas de seguridade contempladas na lexislación vixente na materia.

No caso de que a empresa subcontrate servizos a outra que impliquen o acceso a información confidencial ou con datos de carácter persoal deberá pedir autorización ao responsable do ficheiro para elo (Secretaría Xeral Técnica de la Consellería de Sanidade) mediante escrito xustificativo e delimitando os datos aos que se terá acceso así como a finalidade do tratamento que se realizará.

- 3. PROTECCIÓN DA INFORMACIÓN:** A Empresa tomará as precaucións adecuadas á hora de preservar a Información de terceiras persoas e, entre outras, comunicará á **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE** as baixas da empresa/contrato no mesmo momento en que se produzan, de cara a que se podan deshabilitar os usuarios asociados. Calquera incidencia de seguridade provocada por non haber tramitado a dita baixa será responsabilidade da Empresa.
- 4. PERSOAS AUTORIZADAS AO USO DA INFORMACIÓN:** A Información unicamente poderá ser revelada pola Empresa aos seus empregados en caso de que os traballos así o requiran. Para elo, a Empresa deberá rexistrar como e a quen se revelou a Información así como cando se produciu. Aqueles empregados da Empresa, ou da empresa subcontratada por esta en caso de autorización previa de acceso á información por parte do responsable de ficheiro, que teñan acceso á Información, deberán subscribir un acordo seguindo o modelo de Acordo persoal de Confidencialidade e non revelación de información.

5. TRATAMIENTO DE DATOS: O adxudicatario, na súa condición de encargado do tratamento, non aplicará nin utilizará tales datos con fins distintos aos derivados da natureza do contrato. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, llos comunique o los utilice incumprindo as cláusulas anteriores, o receptor terá a consideración e a responsabilidade de Responsable do Tratamento, excepto que medie autorización expresa do responsable do tratamento, caso no que terá a consideración de Encargado do Tratamento. En caso de incumprimento do estipulado, a empresa contratante e os técnicos que formen parte do equipo de traballo, serán responsables das infraccións que se deriven deste.
6. DEVOLUCIÓN DO MATERIAL: Unha vez concluído, por calquera motivo, este Acordo, toda Información, o material utilizado e os documentos empregados durante a execución do Proxecto, devolveranse á **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**.
7. PUBLICACIÓN DO ACORDO: A Empresa contratada non poderá facer público o contido deste Acordo. O presente Acordo é en si mesmo confidencial.
8. DURACIÓN DO ACORDO: O Acordo de Confidencialidade, se manterá vivente aínda cando finalice a prestación de servizos por parte da Empresa provedora.



Atendendo ao establecido neste Acordo, D. _____ con D.N.I: <DNI>, representando ao concello _____ con NIF/CIF: <NIF/CIF>, en calidade de _____ se compromete a cumprir, preservar e respectar coa dilixencia debida e a boa fe que o dereito e o espírito que este Acordo requiran.

POLO CONCELLO PROVEEDOR DE SERVICIOS (*sinatura e selo*)

_____, a de de 202_

Sinatura

ACORDO PERSOAL DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN

Eu, _____ con D.N.I. <<DNI>>, **empregado de** _____, me comprometo a gardar estricta confidencialidade no relativo á información á cual podó ter acceso, segundo o establecido nos *Acordos Mutuos de Confidencialidade e non revelación de información* acordados entre _____ e a **CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

_____, a de de 202_

Sinatura

Anexo IV. MODELO DE CONSENTIMIENTO INFORMADO

PROGRAMA DE PAUTA DE EJERCICIO “ADESTRA A TÚA SAÚDE”

Estimado veciño/a:

O noso concello está adherido ao Programa de Pauta de Exercicio “ADESTRA A TÚA SAÚDE, da Xunta de Galicia, que pretende a pauta de exercicio e actividade física desde o persoal sanitario e a través dun/ha promotor/a de exercicio, que seguirá e avaliará a súa execución nos recursos dispoñibles no noso concello. A evidencia científica amosa que ter unha vida activa practicando exercicio físico de forma regular é unha maneira eficaz de previr múltiples patoloxías, aumentar a autoestima, evitar o consumo de substancias tóxicas, mellorar as relacións interpersoais e, en conxunto, aumentar a cantidade e calidade de vida.

Mediante a sinatura do presente documento presto o meu consentimento para:

- A participación no programa ADESTRA A TÚA SAÚDE, do Concello de
- A recollida de datos necesaria para o mesmo, incluídos datos de saúde.
- O intercambio dos meus datos entre ó Servizo Galego de Saúde e o Concello de para axudar no seguimento da miña condición física saudable e para alcanzar os obxectivos do programa.

Estes consentimentos poderán retirarse en calquera momento.

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura:

Localidade e data:, a de
..... de 20....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Dacordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE, con dirección en

1.-O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE..... é co que poderá contactar en

2.- Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para facerlle partícipe do programa DE PAUTA DE EXERCICIO “ADESTRA A TÚA SAÚDE” promovida polo Concello de e descrita na presente solicitude, así como para leva a cabo a xestión administrativa que puidera derivarse dela.

3.-DATOS DE SAÚDE: Solicitaránselle datos relativos ao seu estado de saúde e dos tratamentos médicos que estea recibindo ou recibira, así como das alerxias e intolerancias alimentarias que presente, para evitar prácticas que poidan afectarlle. Debe ter en conta que, no caso de que omitira algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de inscribirlle na actividade solicitada ao CONCELLO DE

4.-Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión deles e en calquera caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescrición de posibles accións de responsabilidade derivadas do tratamento.

5- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

6.-Destinatarios de cesións: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cos fins lexitimos do programa RECOMENDACIÓN DE EXERCICIO “ADESTRA A TÚA SAÚDE” e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.
- Concellos distintos do CONCELLO DE, Administración Pública Autonómica, Servizo Galego de Saúde ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

7.- Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías: - Sede electrónica: www.aepd.es - Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid - Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

PROGRAMA DE PAUTA DE EJERCICIO “ADESTRA A TÚA SAÚDE”

INFORMACIÓN SOBRE A PLATAFORMA

Un dos aspectos fundamentais para poder avaliar os beneficios de participar neste programa é o de medir o nivel de condición física de cada participante, mediante a valoración de aquelas cualidades físicas e psicomotoras que permiten coñecer e facer o seguimento do seu estado físico, decidir cales son os aspectos que precisan mellorar e deseñar actuacións adaptadas ás súas necesidades.

Por este motivo, o concello, e como parte do Programa Adestra a túa Saúde, vai integrarse na **PLATAFORMA ADESTRA A TÚA SAÚDE** de Galicia, unha iniciativa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a través da Fundación Deporte Galego.

Na **PLATAFORMA ADESTRA A TÚA SAÚDE** recóllense unha serie de medidas antropométricas e resultados de probas físicas que se realizan no marco deste programa, e das que vostede recibirá un informe cos resultados a evolución da súa condición física e que pode consultar en www.adestraatuasaude.gal O tratamento destes datos é confidencial, sendo accesibles exclusivamente polo promotor e o persoal facultativo e de enfermería do Servizo Galego de Saúde. Unha vez que os datos das valoracións son introducidos na **PLATAFORMA ADESTRA A TÚA SAÚDE**, a Fundación Deporte Galego, elaborará e fará públicas as estatísticas para cada grupo de idade e sexo en Galicia. A fundación en ningún caso terá acceso individualizado aos datos dos participantes.

Mediante a sinatura do presente documento presto o meu consentimento para:

6. A incorporación dos meus resultados nas probas físicas na Plataforma Adestra a túa Saúde, a preparación dos informes cos resultados e a elaboración das estatísticas da plataforma.
7. A cesión dos datos ó Servizo Galego de Saúde para axudar no seguimento da miña condición física saudable.

Estes consentimentos poderán retirarse en calquera momento.

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Localidade e data:, a de

de 20....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Fundación Deporte Galego
Finalidades do tratamento	Promover un estilo de vida activa e saudable na poboación galega, mediante a práctica do exercicio físico, medir o nivel de condición física a través da valoración de datos resultantes de probas físicas que se realizan dentro do programa ADESTRA A TÚA SAÚDE, que permiten facer o seguimento do estado físico dos participantes, para deseñar actuacións adaptadas ás súas necesidades.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión de interese público (Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia). Consentimento do interesado
Destinatarios dos datos	SERGAS, para o seguimento da condición física do paciente por parte do persoal facultativo e de enfermaría
Categorías de datos e procedencia	Datos de medición recadados a través de probas físicas que se realizan dentro do programa ADESTRA A TÚA SAÚDE. Os datos identificativos das persoas participantes son cedidos pola Consellería de Sanidade-SERGAS.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, e supresión dos seus datos segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos . Os maiores de catorce anos poderán exercitar por si mesmos os dereitos que lles corresponden. As persoas interesadas que consideren vulnerados os seus dereitos poden presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ou con carácter previo ante o delegado de protección de datos, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

ANEXO V

CESIÓN DE MATERIAL “ADESTRA A TÚA SAÚDE”.

En [Cidade], a [día] de [mes] de [ano]

REUNIDOS

Dunha banda, [Nome e Apelidos], na calidade de [cargo] de [nome da entidade cedente], con domicilio en [endereço] e NIF [número].

E doutra banda, [Nome e Apelidos], na calidade de [cargo] do Concello de [nome do municipio], con domicilio en [endereço] e CIF [número].

Ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente documento, e para iso,

EXPOÑEN

1. Que a Fundación Deporte Galego é propietaria do material descrito no presente documento
2. Que o Concello de [xxxxxxx] está interesado na utilización de dito material no ámbito do acordo marco de colaboración asinado con data [data do convenio] para a implementación do programa ADESTRA A TÚA SAÚDE.
3. Que, en virtude de dito acordo marco, a entidade cedente accede a entregar temporalmente o material ao Concello para o seu uso.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A entidade [cedente] cede en uso ao Concello de [municipio] o seguinte material:

- computador portátil
- tarxeta para firma dixital
- reloxos para os usuarios participantes

- material para a avaliación da condición física:
 - bicicleta estática
 - cinta métrica para medición de perímetros de cintura e cadeira
 - tallímetro
 - báscula dixital
 - dinamómetro manual dixital
 - plataforma de contactos chronojump
 - padiola metálica pregable resistente para test de sorensen
 - cinchas con velcro para test de sorensen
 - regra metálica
 - mancuernas
 - cronómetro dixital multifunción
 - conos de plástico
 - esterilla ou colchón
 - banda de fc con bluetooth polar h10
 - baúl contedor de material

Segunda. Duración

A cesión terá vixencia desde o día [data de inicio] ata o día [data de finalización], podendo prorrogarse de común acordo por escrito.

Terceira. Uso do material

O material cedido destinarase exclusivamente a implementación do programa de prescripción de exercicio ADESTRA A TÚA SAÚDE, quedando prohibido o seu uso para fins distintos.

Cuarta. Conservación e responsabilidade

O Concello comprométese a custodiar e conservar o material en bo estado, respondendo de calquera dano ou perda que non sexa consecuencia do uso normal.

Quinta. Devolución

Ao remate do prazo de cesión, o Concello devolverá o material á entidade cedente no mesmo estado no que o recibiu, agás o deterioro derivado dun uso correcto.

Sexta. Gratuidade

A presente cesión realízase de maneira gratuíta, sen que supoña contraprestación económica ningunha.

Sétima. Xurisdición

Para a resolución de calquera controversia derivada deste documento, as partes sométense á xurisdición prevista na cláusula duodécima do acordo marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Fundación Deporte Galego e as entidades locais adheridas, para o desenvolvemento de actuacións conxuntas para a implementación dun programa para a pauta de exercicio físico ás persoas maiores de 60 anos usuarias do sistema sanitario público dentro do programa “Adestra a túa saúde”, asinado con data

SINATURAS

En proba de conformidade, e por duplicado, asinan o presente documento no lugar e data indicados ao inicio.

Pola Entidade Cedente:

Nome e cargo

Sinatura

Polo Concello de [municipio]:

Nome e cargo

Sinatura